

**Local Comarcal**

Rúa da Cañota 33 - baixo  
15300 Betanzos (Galiza)

**Teléfono**

981776466

**Correo electrónico**

betanzos@bng.gal

**Páxina web**

<http://betanzos.bng.gal>

**ROGOS E PREGUNTAS DO BNG AO PLENO DE 25 DE MARZO DE 2025:**

1. Como ben é sabido por toda a veciñanza, a normativa europea sobre a reciclaxe obriga a poñer un novo colector para os refugallos orgánicos como os cueiros ou o papel sucio. Entendemos que desde o Consorcio das Mariñas están a realizar estes labores mais non entendemos ben porque en lugar de colocar ese colector gris, a maiores, o que se fixo foi retirar os colectores amarelos, que nada teñen que ver con ese gris. Nestes colectores amarelos o que se deposita son os plásticos. Ao retiralos deixan á veciñanza sen a posibilidade de realizar a reciclaxe correctamente. Pode o goberno local explicar os motivos deste cambio? Os veciños e veciñas tamén mostran o seu malestar polos colectores soterrados da vila, xa que provocan malos cheiros e provocan un problema pola proliferación de ratas. Pode o goberno local proceder a limpeza e mantemento dos mesmos?

Na mesma liña, desde o BNG insistimos na necesidade de reformular a colocación dos colectores en todo o municipio. Este momento, en que se está a proceder ao cambio dos colectores, sería o indicado para repensar de maneira integral esa colocación. Pode o goberno local reformular a colocación dos colectores do lixo e acabar co caos actual?

2. O centro de especialidades de Betanzos conta coa especialidade de xinecoloxía, á que acoden tanto as veciñas de Betanzos como as veciñas da nosa comarca para as súas consultas. Estas veciñas usuarias

trasladáronnos as súas queixas pola falta de baño dentro da propia consulta de xinecoloxía, o que as obriga a saír ao corredor e acceder aos baños comunitarios á vista de todo o que alí se atopa esperando outras consultas. Isto supón unha falta grave de intimidade e provoca incomodidade ao verse expostas, sobre todo nas mulleres máis novas. Pode o goberno local facer os tramites que corresponda diante da Xunta de Galiza para dar solución a este problema o antes posíbel?

1. Este ano 2025, no que se cumpren 75 anos do pasamento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, foi declarado pola Xunta de Galiza e polo Concello de Betanzos, Ano Castelao. O obxectivo do Ano Castelao é conmemorar a memoria e o legado de Daniel Castelao a quen, con moitos outros, Galiza debe a súa condición de nacionalidade histórica e mais o seu réxime de autogoberno, ademais de ser un dos mellores artistas gráficos do país e un notábel ensaísta e creador literario. Betanzos ten un busto de bronce de Castelao que foi fundido na emigración e foi cedido polo Centro Betanzos- do que Castelao foi presidente honorario- a condición de que fose instalado nunha praza pública da cidade. Porén, cando foi recibido a dereita betanceira vetou a súa colocación nunha praza pública e o busto segue actualmente depositado no Museo das Mariñas. Ten pensado o goberno local aproveitar este Ano Castelao para dar cumprimento á doazón do Centro Betanzos e instalar o busto nunha das principais prazas da cidade? EN que prazos? Pode o goberno local informarnos de que outras actividades ten programadas, en que prazos e espazos, para a conmemoración da figura de Castelao no presente ano?
3. A estrada N-651, que pasa polo noso concello á altura do cruce da Ponte Vella presenta un estado lamentábel do seu firme. As fochancas que nalgún momento eran pequenas convertéronse nas ultimas semanas, debido o trafico pesado que soporta esta estrada, nun grande burato en

todo o cruce, provocando, a parte de incomodidade nos condutores un problema grande de seguridade viaria, xa que os mesmos condutores para evitar a fochanca nalgúns momentos invaden o carril contrario. Pode o goberno facer as xestións necesarias para solucionar este problema?

4. Nas semanas pasadas, a veciñanza de Guiliade amosounos o seu molestar polo grave problema de seguridade viaria que seguen a vivir, a pesar das múltiples promesas da Xunta de Galiza e da Deputación da Coruña. En concreto, explícanos que os vehículos atravesan o seu núcleo a grande velocidade, tanto cando circulan pola AC-542 como pola DP-0810. Os veciños e veciñas solicitan que se instalen bandas redutoras ou calquera outra medida que poida contribuír a solucionar este problema. Pode o goberno local realizar as xestións que sexan necesarias para instalar estas medidas redutoras da velocidade e para poñer fin a este problema?

Da mesma maneira, indícanos que as beiravías da zona aparecen con frecuencia ocupadas por cartaces publicitarios que impiden a boa circulación das viandantes. Pode o goberno local instar aos responsábeis desta cartelaría para que procedan á súa retirada?

5. No mes de xuño do pasado ano, no BNG expresabamos o malestar da veciñanza e das persoas que visitan Betanzos polo estado do Lavadoiro das Cascas. Máis alá do feito de este estar pechado ao público de maneira habitual, chama a atención o lamentábel estado que presenta: pintadas en todos os muros, suciedade, restos de comida e de cartóns etc. Así mesmo, boa parte do edificio necesita unha remodelación e un mantemento integral.

Pode o goberno local desenvolver labores de limpeza e de adecuación do edificio do Lavadoiro das Cascas? Pode, así mesmo, o goberno local

abrir o Lavadoiro para o desfrute da veciñanza e das turistas que nos visitan?

6. En setembro de 2024 o goberno local daba a coñecer, a través da prensa que Betanzos contaría cos seus primeiros hortos urbanos nos primeiros meses do ano 2025. Informábasenos de que se ían contratar as obras de acondicionamento da zona onde se localizarían os hortos, unha zona utilizada como punto de vertido puntual de restos de obras municipais e de almacenamento, polo que se recuperaría unha zona degradada. Tamén se nos facía saber que o uso dos hortos estaría regulado a través de regulamento, onde viría reflexada a organización dos espazo, as normas que rexerían o seu funcionamento, así como as obrigas das persoas ás que se lles concedesen as parcelas.

A día de hoxe non se iniciaron as obras e non coñecemos novidades sobre o tema.

Pode o goberno local informar ao conxunto da veciñanza sobre os prazos para o inicio do acondicionamento da zona para a creación destes hortos, así como dos criterios de adxudicación dos terreos?

7. A Asemblea Xeral das Nacións Unidas designou o 2 de abril como o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo en 2007. O obxectivo deste día é aumentar a concienciación sobre o Trastorno do Espectro Autista (TEA) e promover a inclusión e o respecto cara ás persoas con autismo en todos os ámbitos da sociedade. Cada ano, esta conmemoración busca derrubar barreiras e fomentar a comprensión e a inclusión, destacando a importancia do acceso á educación, ao emprego e o benestar para as persoas con TEA.

Unha das maneiras de dar visibilidade a esta data é a iluminación de edificios significativos en cor azul. Por ese motivo, desde o BNG solicitámoslles que se unan a esta iniciativa. Pode o goberno local iluminar o edificio do concello de azul o día 2 de abril para conmemorar

o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo e explicar publicamente o significado desta data nas redes sociais municipais?

Na mesma liña, no BNG temos solicitado insistentemente a toma de medidas para facilitar a inclusión das persoas con TEA, principalmente a colocación de pictogramas nos edificios municipais. Pode o goberno local proceder á colocación deses pictogramas, tal e como se aprobou en pleno?